



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA REACTIVACIÓN ECONÓMICA LOCAL NO CONCELLO DE VIMIANZO A TRAVÉS DA TARXETA VIMI BONO

Exp. tedec: 2020/A008/000045

Visto o expediente tramitado a proposta de Alcaldía para a aprobación da convocatoria das axudas VimiBonos para a reactivación económica do Concello de Vimianzo.

Visto que as bases reguladoras foron aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/11/2020 e publicadas no BOP núm. 203, de data 27/11/2020 a través da BDNS núm. 535069.

Visto a relación anexa de concesión asinada pola técnica xestión cultural, logo das reclamacións presentadas.

Visto o informe de intervención de fiscalización

De acordo co artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións e considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía de data núm.767/2019, de data 02/07/2019, modificada por Resolucións da Alcaldía núm.978/2019 e núm.1247/2019, de datas 04/09/2019 e 08/11/2019, respectivamente, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que é necesario por motivos de urxencia a aprobación da concesión das axudas da tarxeta vimibono para que o programa poida funcionar de xeito áxil e trasladar o acordo a entidade colaboradora.

Considerando a atribución concedida á alcaldesa polo artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar para este caso concreto e para atender o solicitado dentro dos prazos legalmente establecidos, as competencias en materia de subvencións relativas ao expediente de referencia, de conformidade co establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Estimar as reclamacións presentadas e probar a concesión e pago por contía total de 375 €, en concepto de tarxeta vimibono, as persoas recollidas no Anexo I (15 concesións), que figura no expediente de tedec 2020/A008/000045, conforme a relación nel recollida e por importe por tarxeta individual de 25€.

Que se proceda a efectuar o pagamento mediante CARGO na conta aberta de ABANCA SA número ES61 2080 0082 4131 1000 0074.

Terceiro.- A presente resolución, de acordo co establecido na base reguladora 6 das axudas, non será obxecto de notificación individual, senón que será substituído pola súa publicación na sede electrónica do Concello de Vimianzo, de acordo co establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos e ao departamento de promoción económica, e dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez

(documento asinado electrónicamente)

O Secretario xeral

Francisco Javier Novoa Juiz